

# ENTROIDO 2014

Do 28 de febreiro ao 8 de marzo · Carballo



## CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

### BASES DE PARTICIPACIÓN

PRIMEIRA.- Co obxecto de promocionar unha das festas tradicionais máis importantes no noso Concello e recuperar unha das prácticas populares destas datas, o Concello de Carballo, a través da Concellaría de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas de Entroido.

SEGUNDA.- Este concurso celebrárase o **domingo día 2 de marzo** ás 18.00 h na Praza do Concello. Todos os participantes formarán parte do desfile que transcorrerá polas rúas Coruña, Desiderio Varela, Gran Vía, Doutor Fleming, Valle Inclán e Colón, e rematará na Praza do Concello.

Se as condicións meteorolóxicas non permitisen o correcto desenvolvemento do desfile ao aire libre, a organización poderá suspendelo, pospoñelo ou trasladalo ao Pavillón Polideportivo Bergantiños. No caso de traslado, poderanse ver afectadas para o acceso a este recinto as carrozas que sobrepasen as dimensións de 2,50 x 2,50 metros, ou que polo seu peso ou características non poideran acceder ao interior do recinto nas condicións de seguridade precisas.

TERCEIRA.- Poderán participar todas as persoas que se inscriban nos prazos e lugares que se recollen a continuación:

INSCRICIÓN	
PRAZO	Comparsas e carrozas: Do 13 de febreiro ao 28 de febreiro.
	Grupos, parellas e individual: Do 13 de febreiro ao 2 de marzo ata as 17.00 h.
LUGAR	Registro Xeral do Concello de Carballo, preferentemente o situado no Pazo da Cultura >Rúa do Pan, s/n (de 10 a 14h) T 981 704 300 F 981 704 302 (ata o 28 de febreiro)
	Día 2: Praza do Concello (Só para grupos, parellas e individual). De 16.00 a 17.00 h (ou Pavillón Polideportivo Bergantiños en caso de traslado)

Será decisión do xurado admitir a participación de comparsas ou carrozas inscritas fóra de prazo, aínda que nese caso, estas non terán dereito a recibir subvención por participar.

CUARTA.- Establécense as seguintes categorías e modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as, que terán opción aos premios que se detallan a continuación:

PREMIOS			
CATEGORÍA	MODALIDADE	NÚMERO DE COMPOÑENTES	PREMIOS
INFANTIL (ata 14 anos)	COMPARSAS	A partir de 8 compoñentes	1º premio: 250 € 2º premio: 110 € 3º premio: 60 €
	GRUPOS	De 2 a 7 compoñentes	1º premio: 100 € 2º premio: 70 €
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 90 € 2º premio: 70 € 3º premio: 50 € 4º premio: 30 € 5º premio: 30 €
ADULTOS (a partir de 14 anos)	CARROZAS	A partir de 15 compoñentes	1º premio: 450 € 2º premio: 295 €
	COMPARSAS	A partir de 10 compoñentes	1º premio: 295 € 2º premio: 150 €
	GRUPOS	De 2 a 9 compoñentes	1º premio: 125 €
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 60 €
INFANTIL OU ADULTOS	PREMIO ESPECIAL "CHOQUEIRO DE BERGANTIÑOS" Participante inscrito en calquera das modalidades (non precisa inscrición específica)	Un compoñente	1º premio: 100 €

As contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

O xurado poderá outorgar o premio especial "Choqueiro de Bergantiños" a calquer concursante que participe en calquer categoría ou modalidade do desfile. Polo tanto, non precisa inscrición previa.

Enténdese como **comparsa** un grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e 10 en adulto, disfrazados dun mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que NON levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo.

Considerarase **carroza** unha comparsa acompañada dun ou varios vehículos de tamaño significativo, cun tamaño mínimo de 2 metros de longo, construídos expresamente para o Entroido e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo. Por operatividade do desfile recoméndase que as carrozas non sobrepasen os 4,50 metros de altura -medidos desde o chan- así como os 3 metros de ancho. Se algunha comparsa ou carroza contén algún elemento que poida supoñer un perigo para o público ou para os propios participantes, estes deberán comunicarllo á organización no momento da inscrición. A Policía Local de Carballo revisará estes elementos o día do desfile e poderá limitar a súa participación.

En caso de dúbida, o xurado determinará se os participantes se adscriben á categoría de comparsa ou de carroza. Nas modalidades de carrozas e comparsas o xurado valorará, de maneira especial, a existencia ou non de coplas e a súa calidade.

Se nalgunha das modalidades colectivas participaran compoñentes de idades pertencentes a diferentes categorías (menores e maiores de 14 anos), o xurado decidirá a que categoría se adscriben, para o que terá en conta o número de membros de cada idade e a súa repercusión no grupo.

De maneira xeral, todos os participantes desfilarán coa **música** que dispoña a organización. Para manter a axilidade do desfile, no caso de que os concursantes interpretasen algunha copla, canción ou baile que supoña a parada do desfile, a súa duración máxima será de **dous minutos e medio**. Se fose preciso dalgunha música especial, entregarase á organización ás 17.00 h do día do desfile un CD cun único tema/pista, gravado en formato música ou mp3. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a que teña o propio desfile.

QUINTA.- O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa ou, atendendo á calidade dos disfraces presentados, entregar os **accésits** que crea convenientes en calquera das categorías ou modalidades por un importe máximo total de **310 €**.

Se nalgunha das modalidades queda sen entregar algún premio o xurado poderá destinar o importe do premio correspondente a outra modalidade en calidade de accésit.

SEXTA.- Co obxectivo de fomentar a participación, concederáselle unha subvención de 150 € ás comparsas de categoría infantil e adultos e de 250 € a cada unha das carrozas. Concederanse un máximo de 20 subvencións, que se adxudicarán segundo a orde de inscrición.

As subvencións entregaranse con posterioridade á celebración do concurso. Se o xurado considera que algunha das carrozas ou comparsas participantes non reúne as características ou condicións mínimas de calidade, poderá decidir non outorgarlle a correspondente subvención. Se as comparsas e carrozas superan ás subvencións dispoñibles, o número de subvencións outorgadas poderá limitarse a un máximo de 2 por cada entidade participante.

SUBVENCIONS		
CATEGORÍA	MODALIDADE	SUBVENCIÓN
INFANTIL	COMPARSAS	150 €
ADULTOS	COMPARSAS	150 €
	CARROZAS	250 €

Concederanse un máximo de 20 subvencións

SÉTIMA.- A adxudicación dos premios e subvencións farase pública o mesmo día do desfile, unha vez se celebre a reunión do xurado, e a entrega destes terá lugar a continuación.

OITAVA.- O xurado será designado polo Concello de Carballo e del formarán parte representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade. A decisión do xurado será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros.

O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. A participación no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, supón a total e plena aceptación destas bases.

# ENTERRO DA SARDIÑA

## BASES DE PARTICIPACIÓN

PRIMEIRA.- Coa finalidade de promociar as festas do Entroido e máis concretamente o remate destas, fomentando a participación de todos os veciños e veciñas nunha actividade vencellada a esta celebración, o Concello de Carballo a través da Concellaría de Cultura, organiza o Enterro da Sardiña do Entroido 2014.

SEGUNDA.- Esta actividade celebrarase o **martes 4** de marzo a partir das 21.00 h e consistirá nun percorrido que se iniciará na Praza do Concello, rúas Coruña e Hórreo, Praza de Galicia, Rúa Fomento e Parque do Anllóns, lugar onde se celebrará o enterro.

TERCEIRA.- Co obxectivo de fomentar a participación de grupos e comparsas no Enterro da Sardiña, o Concello de Carballo establece 10 subvencións de 40 € cada unha, á que poderán concorrer todos aqueles grupos de nenos/as e/ou adultos compostos por un mínimo de 5 persoas ataviadas coas roupas e obxectos propios dunha "comitiva fúnebre" para acompañar ao enterro da sardiña.

CUARTA.- Para participar nesta convocatoria e ter opción a unha das 10 subvencións (que se outorgarán por rigorosa orde de inscrición) será preciso anotarse no prazo e lugar que a continuación se sinala:

- Do 13 de febreiro ao 28 de febreiro> Rexistro Xeral do Concello de Carballo, preferentemente o situado no Pazo da Cultura> Rúa do Pan, s/n (de 11.00 a 14.00 h) **T** 981 704 300 **F** 981 704 302
- O 4 de marzo (día do Enterro da Sardiña) antes do inicio da actividade de 19.30 a 20.30h na Casa do Concello

QUINTA.- Todos os grupos inscritos deberán estar presentes ás 20.15 h na Praza do Concello para confirmar a súa inscrición e participación. O pago da subvención realizarase ao remate da actividade no Pazo da Cultura. No caso de que algún dos dez primeiros grupos inscritos non participase a subvención correspondente a este, outorgaráselle ao seguinte grupo.

A organización da actividade terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. A participación no Enterro da Sardiña supón a total e plena aceptación destas bases.